

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 9 de agosto de 2016 pola que se modifican os concertos educativos con centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial e de formación profesional.

Pola Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 14 de febreiro de 2013 (DOG núm. 62, do 1 de abril), ditáronse as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos cos centros docentes privados a partir do curso académico 2013/14, de conformidade co establecido na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos.

Mediante Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 9 de agosto de 2013 (DOG do 14 de agosto), aprobáronse os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, programas de cualificación profesional inicial (PCPI), ciclos formativos de grao medio e de grao superior, por un período de 4 anos ata o final do curso 2016/17; concertos que foron modificados pola orde da mesma consellería do 10 de agosto de 2015 (DOG do 17 de agosto), modificada pola Orde do 9 de outubro de 2015 (DOG do 19 de outubro).

De conformidade co artigo 4 da Orde do 14 de febreiro de 2013 pola que se establecen as normas de aplicación do réxime de concertos educativos, os que se subscriban ou modifiquen pola presente orde rematarán ao final do curso 2016/17, sen prexuízo da súa posible modificación dentro do seu período de vixencia seguindo o procedemento do artigo 15 da mesma norma, por instancia de parte ou de oficio.

Por canto antecede, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Modificación dos concertos vixentes*

1. Modificar os concertos educativos subscritos polos centros docentes privados que se relacionan no anexo I desta orde, nos termos que no mesmo anexo se establecen.



2. As modificacións a que se refire o punto 1 deste artigo terán vixencia ata o final do curso 2016/17.

Artigo 2. *Desestimación de solicitudes*

Desestimar as solicitudes de modificación ou de subscrición de concerto educativo formuladas polos centros docentes que se relacionan no anexo II da presente orde polos motivos que en cada caso se especifican.

Artigo 3. *Formalización do concerto*

1. As modificacións formalizaranse mediante addenda ao documento administrativo de formalización do concerto educativo suscrito polo centro, que será asinado pola persoa titular do centro privado ou persoa con representación debidamente acreditada e polo director xeral de Centros e Recursos Humanos, de conformidade coa Orde do 25 de xaneiro de 2012 de delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2. Os centros afectados acreditarán ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun mes desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, que se atopan ao día no pagamento de todas as súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3. Se a persoa titular do centro non subscribise o documento de formalización na data que se lle notifique, entenderase decaída no seu dereito.

Artigo 4. *Horas de orientación*

Como consecuencia da modificación das unidades concertadas de ESO, varíanselles en proporción as horas de orientación educativa aos centros docentes relacionados na letra f) do anexo I.

Artigo 5. *Formación en centros de traballo*

Modificar a formación en centros de traballo (FCT) para os ciclos formativos de grao medio e superior de duración dun curso, que se relacionan nas letras g) e h) no anexo I, que se realizará nos meses de setembro a novembro de 2016.



Artigo 6. Efectos da modificación

As modificacións a que se refire esta orde terán efectos económicos e administrativos desde o 1 de setembro de 2016.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou, directamente, o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2016

Román Rodríguez González
 Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I
**Modificacións realizadas de conformidade co artigo 15
 da Orde do 14 de febreiro de 2013**
a) Educación Infantil:

| Código | Denominación do centro | Concello | Provincia | Modificación |
|----------|------------------------------|-----------|-----------|---|
| 15032157 | CPR Plurilingüe Andaina | Culleredo | A Coruña | Incrementar o concerto de 2 unidades |
| 15010071 | CPR Jorge Juan | Narón | A Coruña | Incrementar o concerto de 1 unidade |
| 15010794 | CPR Plurilingüe Jaime Balmes | Noia | A Coruña | Suprimir o concerto de 2 unidades |
| 15014520 | CPR Plurilingüe Galaxia | Ribeira | A Coruña | Suprimir o concerto de 1 unidade |
| 27006255 | CPR Divino Maestro | Lugo | Lugo | – Suprimir o concerto de 1 unidade padroado) – Incrementar o concerto de 1 unidade (ordinaria) |

b) Educación Primaria (EP) e Educación Secundaria Obrigatoria (ESO):

| Código | Denominación do centro | Concello | Provincia | Modificación |
|----------|------------------------------|----------|-----------|--|
| 15004046 | CPR Cid | A Coruña | A Coruña | Incrementar o concerto de 1 unidade de EP |
| 15004460 | CPR Plurilingüe Peñarredonda | A Coruña | A Coruña | Incrementar o concerto de 2 unidades de EP |



| Código | Denominación do centro | Concello | Provincia | Modificación |
|----------|-------------------------------------|------------------------|------------|--|
| 15004642 | CPR Plurilingüe Santa María del Mar | A Coruña | A Coruña | Incrementar o concerto de 2 unidades de EP |
| 15020489 | CPR Plurilingüe Montespiño | Culleredo | A Coruña | Suprimir o concerto de 2 unidades de EP |
| 15010071 | CPR Jorge Juan | Narón | A Coruña | Incrementar o concerto de 1 unidade de EP |
| 15015366 | CPR Casa do Neno | Santiago de Compostela | A Coruña | Incrementar o concerto de 1 unidade de EP |
| 15015615 | CPR San Francisco Javier | Santiago de Compostela | A Coruña | Suprimir o concerto de 1 unidade de EP |
| 32009062 | CPR Cardenal Cisneros | Ourense | Ourense | Suprimir o concerto de 3 unidades de EP |
| 32008458 | CPR Plurilingüe María Auxiliadora | Ourense | Ourense | Incrementar o concerto de 2 unidades de EP |
| 32016194 | CPR Plurilingüe Guillelme Brown | O Pereiro de Aguiar | Ourense | Incrementar o concerto de 1 unidade de EP |
| 32020720 | CPR Plurilingüe Miraflores | O Pereiro de Aguiar | Ourense | Incrementar o concerto de 1 unidade de EP |
| 36016115 | CPR Eduardo Pondal | Cangas | Pontevedra | – Suprimir o concerto de 1 unidade de EP – Incrementar o concerto de 1 unidade de ESO (3º/4º) |
| 36005427 | CPR Plurilingüe Lar | Mos | Pontevedra | Incrementar o concerto de 1 unidade de ESO (3º/4º) |
| 36011622 | CPR Aloya | Vigo | Pontevedra | Suprimir o concerto de 1 unidade de ESO (3º/4º) |
| 36010794 | CPR Fillas de María Inmaculada | Vigo | Pontevedra | Suprimir o concerto de 1 unidade de ESO (1º/2º) |

c) Educación Especial:

| Código | Denominación do centro | Concello | Provincia | Modificación |
|----------|--|----------|------------|---|
| 15020431 | CPR Agarimo | Arteixo | A Coruña | Incrementar o concerto 1 unidade-psíquicos |
| 15004794 | CPR Fogar de Santa Margarida | A Coruña | A Coruña | Incrementar o concerto 1 unidade-plurideficientes |
| 15004538 | CPR Plurilingüe Salesiano San Juan Bosco | A Coruña | A Coruña | Incrementar o concerto 1 unidade-plurideficientes |
| 15032674 | CPR Amicos | Ribeira | A Coruña | Incrementar o concerto 1 unidade-autistas |
| 36016115 | CPR Eduardo Pondal | Cangas | Pontevedra | Concertar 1 unidade-psíquicos |
| 36011257 | CPR El Pilar | Vigo | Pontevedra | Concertar 1 unidade-psíquicos |



d) Ciclos formativos de grao medio de formación profesional:

| Código | Denominación do centro | Concello | Provincia | Modificación |
|----------|----------------------------------|----------------|------------|--|
| 15020313 | EFA Piñeirál | Arzúa | A Coruña | – Concertar o 2º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) – Concertar o 1º curso de Panadaría, Repostaría e Confeitaría (1 unidade) |
| 15021986 | CPR Cruz Roja Española | A Coruña | A Coruña | Concertar o 2º curso de Farmacia e Parafarmacia (1 unidade) |
| 15004794 | CPR Fogar de Santa Margarida | A Coruña | A Coruña | Concertar o 2º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) |
| 15004782 | CPR La Grande Obra de Atocha | A Coruña | A Coruña | Concertar o 2º curso de Xestión Administrativa (1 unidade) |
| 15005488 | CPR López y Vicuña | A Coruña | A Coruña | Suprimir o 1º curso de Xestión Administrativa (1 unidade) |
| 15004356 | CPR Nebrija Torre de Hércules | A Coruña | A Coruña | Concertar o 2º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) |
| 15009470 | CPR Loyola | Mugardos | A Coruña | Concertar o 2º curso de Xestión Administrativa (1 unidade) |
| 15010769 | CPR Plurilingüe María Assumpta | Noia | A Coruña | – Concertar o 2º curso de Xestión Administrativa (1 unidade) – Concertar o 2º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) |
| 15013461 | CPR San José | Pontevedra | A Coruña | Concertar o 2º curso de Xestión Administrativa (1 unidade) |
| 27011718 | CPR Belarmino Fernández Iglesias | Sober | Lugo | Concertar o 1º curso de Servizos en Restauración (1 unidade) |
| 32008914 | CPR Santo Cristo | Ourense | Ourense | Concertar o 2º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) |
| 36000417 | CPR San Fermín | Caldas de Reis | Pontevedra | – Concertar o 2º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) – Concertar o 2º curso de Instalacións Eléctricas e Automáticas (1 unidade) |
| 36005671 | EFA A Cancela | As Neves | Pontevedra | Concertar o 1º curso de Panadaría, Repostaría e Confeitaría (1 unidade) |
| 36018033 | CPR Plurilingüe Vigo | Redondela | Pontevedra | Concertar o 2º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) |
| 36011609 | CPR Colegio Hogar Afundación | Vigo | Pontevedra | Concertar o 2º curso de Impresión Gráfica (1 unidade) |
| 36010794 | CPR Fillas de María Inmaculada | Vigo | Pontevedra | – Concertar o 2º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) – Concertar o 2º curso de Atención a Persoas en Situación de Dependencia (1 unidade) |
| 36016723 | CPR Mendiño | Vigo | Pontevedra | Concertar o 2º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) |



e) Ciclos formativos de grao superior de formación profesional:

| Código | Denominación do centro | Concello | Provincia | Modificación |
|----------|-------------------------------------|------------|------------|--|
| 15020313 | EFA El Piñeiral | Arzúa | A Coruña | Concertar o 2º curso de Xestión de Vendas e Espazos Comerciais (1 unidade) |
| 15021974 | EFA Fonteboa | Coristanco | A Coruña | Concertar o 1º curso de Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal (1 unidade) |
| 15005270 | CPR Afundación A Coruña | A Coruña | A Coruña | – Suprimir o 1º curso de Asistencia á Dirección (1 unidade) – Concertar o 2º curso de Asistencia á Dirección (1 unidade) |
| 15021986 | CPR Cruz Roja Española | A Coruña | A Coruña | – Concertar o 2º curso de Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear (1 unidade) – Suprimir o concerto do 2º curso de Imaxe para o Diagnóstico (1 unidade) |
| 36011622 | CPR Aloya | Vigo | Pontevedra | – Suprimir o 1º curso de Educación Infantil (1 unidade) – Concertar o 2º curso de Educación Infantil (1 unidade) – Concertar o 2º curso de Asistencia á Dirección (1 unidade) – Concertar o 2º curso de Integración Social (1 unidade) – Concertar o 2º curso de Laboratorio Clínico e Biomédico (1 unidade) – Suprimir o concerto do 2º curso de Laboratorio de Diagnóstico Clínico (1 unidade) – Concertar o 2º curso de Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico (1 unidade) – Suprimir o concerto do 2º curso de Anatomía Patolóxica e Citoloxía (1 unidade) |
| 36013795 | CPR CEBEM | Vigo | Pontevedra | – Concertar o 2º curso de Asistencia á Dirección (1 unidade) – Concertar o 2º curso de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (1 unidade) |
| 36010794 | CPR Fillas de Mª Inmaculada | Vigo | Pontevedra | Concertar o 1º curso de Hixiene Bucodental (1 unidade) |
| 36011361 | CPR Plurilingüe San José de la Guía | Vigo | Pontevedra | – Suprimir o 1º curso de Integración Social (1 unidade) – Concertar o 2º curso de Integración social (2 unidades) |
| 36011521 | CPR Vivas | Vigo | Pontevedra | Concertar o 2º curso de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (1 unidade) |



f) Horas de orientación:

| Código | Denominación do centro | Concello | Diferencia horas | | Total horas |
|----------|------------------------|----------|------------------|---------------|-------------|
| | | | 1º e 2º curso | 3º e 4º curso | |
| 36016115 | CPR Eduardo Pondal | Cangas | | 1 | 25 |
| 36005427 | CPR Plurilingüe Lar | Vigo | | 1 | 25 |

g) Formación en Centros de Trabajo (FCT) ciclos formativos de grao medio:

| Código | Denominación do centro | Concello | Provincia | Modificación |
|----------|--------------------------------|----------------|------------|--|
| 15020313 | EFA El Piñeiral | Arzúa | A Coruña | Suprimir FCT de Comercio (1 unidade) |
| 15004794 | CPR Fogar de Santa Margarida | A Coruña | A Coruña | Suprimir FCT de Comercio (1 unidade) |
| 15004265 | CPR Plurilingüe Liceo La Paz | A Coruña | A Coruña | Incrementar FCT de Coidados Auxiliares de Enfermaría (1 unidade) |
| 15004356 | CPR Nebrija Torre de Hércules | A Coruña | A Coruña | Suprimir FCT de Comercio (1 unidade) |
| 15010769 | CPR Plurilingüe María Assumpta | Noia | A Coruña | Suprimir FCT de Comercio (1 unidade) |
| 32008914 | CPR Santo Cristo | Ourense | Ourense | Suprimir FCT de Comercio (1 unidade) |
| 36000417 | CPR San Fermín | Caldas de Reis | Pontevedra | Suprimir FCT de Comercio (1 unidade) |
| 36018033 | CPR Plurilingüe Vigo | Redondela | Pontevedra | Suprimir FCT de Comercio (1 unidade) |
| 36011609 | CPR Colegio Hogar Afundación | Vigo | Pontevedra | Suprimir FCT de Impresión en Artes Gráficas (1 unidade) |
| 36010794 | CPR Fillas de Mª Inmaculada | Vigo | Pontevedra | Suprimir FCT de Comercio (1 unidade) |
| 36016723 | CPR Mendiño | Vigo | Pontevedra | Suprimir FCT de Comercio (1 unidade) |

h) Formación en Centros de Trabajo (FCT) ciclos formativos de grao superior:

| Código | Denominación do centro | Concello | Provincia | Modificación |
|----------|-------------------------------------|----------|------------|--|
| 15020313 | EFA El Piñeiral | Arzúa | A Coruña | Suprimir FCT de Xestión Comercial e Márketing (1 unidade) |
| 15005270 | CPR Afundación A Coruña | A Coruña | A Coruña | Suprimir FCT de Secretariado (2 unidades) |
| 36011622 | CPR Aloya | Vigo | Pontevedra | -Suprimir FCT de Secretariado (1 unidade) -Suprimir FCT de Integración Social (1 unidade) |
| 36013795 | CPR CEBEM | Vigo | Pontevedra | Suprimir FCT de Secretariado (1 unidade) |
| 36011361 | CPR Plurilingüe San José de la Guía | Vigo | Vigo | Suprimir FCT de Integración Social (2 unidades) |



ANEXO II
Solicitudes de modificación ou subscrición desestimadas

| Código | Denominación do centro | Concello | Provincia | Motivo |
|----------|--|------------------------|------------|---|
| 15032832 | CPR Niño Jesús | Betanzos | A Coruña | As necesidades educativas da zona atópanse debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013. |
| 15004010 | CPR Calasanz-PP. Escolapios | A Coruña | A Coruña | As necesidades educativas de Educación Especial da zona atópanse debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013. |
| 15015421 | CPR Juventud | Santiago de Compostela | A Coruña | As necesidades educativas da zona atópanse debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013. |
| 32016731 | CPR Malvedo | Coles | Ourense | As necesidades educativas da zona atópanse debidamente cubertas, segundo o artigo 7 da Orde do 14 de febreiro de 2013. |
| 32016728 | CPR Luis Vives | Ourense | Ourense | As necesidades educativas de Educación Especial da zona atópanse debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013. |
| 36001008 | CPR Compañía de María | Cangas | Pontevedra | As necesidades educativas de Educación Especial da zona atópanse debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013. En relación coa unidade de educación especial, o centro só dispón, actualmente, de autorización para 1 unidade. |
| 36024537 | CE. Art. Atlántico | Vigo | Pontevedra | As ensinanzas que imparte o centro non están incluídas no ámbito da Orde do 14 de febreiro de 2013; inexistencia de dotación orzamentaria para concerto de ensinanzas artísticas, segundo o artigo 17 da mesma orde. |
| | Centro de Formación Profesional San Eloy | Vigo | Pontevedra | O centro non dispón de autorización de apertura e funcionamento, artigo 3 da Orde do 14 de febreiro de 2013. |



| Código | Denominación do centro | Concello | Provincia | Motivo |
|----------|---------------------------------|----------|------------|---|
| 36015822 | Marcote | Vigo | Pontevedra | As necesidades educativas da zona atópanse debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013. |
| 36011831 | CPR Plurilingüe Las Acacias | Vigo | Pontevedra | As necesidades educativas da zona atópanse debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013. |
| 3601121 | CPR Plurilingüe San Miguel 2 | Vigo | Pontevedra | As necesidades educativas de FPB da zona atópanse debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013. |

